



CRITERIOS DE CORRECCIÓN, VALORACIÓN E SUPERACIÓN DO PRIMEIRO EXERCICIO DO PROCESO SELECTIVO PARA O INGRESO NA AGRUPACIÓN PROFESIONAL DE PERSOAL FUNCIONARIO SUBALTERNO DA ADMINISTRACIÓN XERAL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA, EN PRAZAS RESERVADAS PARA SEREN CUBERTAS POR PERSOAS QUE ACREDITEN DISCAPACIDADE INTELECTUAL.

En sesión que tivo lugar o día 15 de febreiro de 2024 o tribunal nomeado pola Resolución do 18 de decembro de 2023 (DOG núm. 240 do 20 de decembro), para cualificar o proceso selectivo para o ingreso na agrupación profesional do persoal funcionario subalterno da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, en prazas reservadas para seren cubertas por persoas que acrediten discapacidade intelectual, convocado pola Resolución da Consellería de Facenda e Administración Pública do 30 de marzo de 2022 (DOG núm. 65, do 4 de abril), acordou de conformidade coas bases 2.1.1.1 e 2.1.2.10 da convocatoria, establecer os criterios de corrección, valoración e superación do primeiro exercicio do proceso selectivo que a continuación se detallan:

1. CUESTIONS XERAIS SOBRE A PROBA

O primeiro exercicio (obligatorio e eliminatorio) consistirá na contestación por escrito dun cuestionario de corenta e cinco (45) preguntas tipo test, das que vinte (20) corresponderán á parte xeral do programa do anexo I e vinte e cinco (25) sobre contidos prácticos do traballo que se vai realizar, incluídos na parte específica do programa do anexo I, máis tres (3) preguntas de reserva, da que unha (1) corresponderán á parte xeral do programa e dúas (2) á parte específica, e que substituirán as preguntas anuladas de cada parte pola súa orde.

As preguntas conterán tres (3) respostas alternativas das cales que só unha (1) será a correcta.

O exercicio cualificarase de 0 a 90 puntos.

As regras de puntuación serán as seguintes:

- Cada resposta correcta equivale a una unidade de puntuación.
- As respostas erróneas e as preguntas non contestadas non penalizan nin reciben puntuación.

O exercicio terá unha duración de cento vinte (120) minutos. Todo isto, sen menoscabo da adopción de medidas precisas naqueles casos en que resulte necesario para que as persoas aspirantes con adaptacións específicas gocen de similares condicións para realizar os exercicios que os restantes participantes.





2. DETERMINACIÓN DA SUPERACIÓN DA PROBA E DO NÚMERO DE APROBADOS

En cumprimento da potestade de determinación do criterio de superación do exercicio indicado, o tribunal acordou que superarán este exercicio as persoas aspirantes que teñan as mellores puntuacións ata completar o número máximo de cento doce (112) persoas aspirantes, equivalente ao resultado de multiplicar por catro (4) o número de prazas convocadas, e sempre que acaden un mínimo de vinte tres (23) respostas correctas.

Subsidiariamente, de darse o caso de que o número de aspirantes que superen este exercicio non sexa o previsto no parágrafo anterior, rebaixarase ao mínimo de dezaioito (18) o número de respostas correctas, sempre que non se supere o número máximo de cento doce (112) persoas aspirantes determinado no parágrafo anterior.

Todas as persoas aspirantes con idéntica puntuación a aquela que marque a nota de corte establecida de acordo cos criterios anteriores, consideraranse igualmente aprobadas.

Asignarase unha valoración de 45 puntos no exercicio ás persoas aspirantes que obteñan unha nota equivalente á nota de corte. O resto das persoas declaradas aptas terán unha cualificación distribuída entre os 45 e os 90 puntos proporcional ao número de respostas acertadas. Do mesmo xeito, asignarase a puntuación proporcional que corresponda as persoas aspirantes declaradas non aptas.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

Constantino Piñeiro Cajete
O presidente do tribunal

